



COMIDA FIN DE CURSO VENRES 23 DE XUÑO



Barouta, 14 de xuño de 2017

Prezadas familias,

A Anpa Barouta xunto co centro estamos a preparar unha festiña para celebrar o fin de curso! Será o próximo **venres 23 de xuño**, en horario de tarde.

Entre outras actividades, imos ter unha carpa para poder comer xuntos/as ese día e a **Pulpería Mosquera de Melide** será a encargada de prepararnos un **delicioso churrasco**. O menú terá un custe de 16€ por adulto e de 10€ por neno menor de 9 anos. A comida empezará sobre ás 14h, unha vez que rematen as clases. A xente que queira vir ten que cubrir a plica e entregala antes do martes 20 de xuño no colexio. Se non podedes vir a comer, estades **invitados/as** a vir tomar o **café** a partir das 15.30h.

Na tarde do venres contaremos cos inchables (ata ás 17h), será a despedida do alumnado de sexto, haberá actuación da Banda Barouta e máis sorpresas, non volo perdades!

Lembrede que as actividades están dirixidas ás familias e que os nenos/as deberán estar acompañados.

Saúdos,

Anpa Barouta

PLICA CHURRASCO 23 de xuño

Nome e apelidos:.....

Número de adultos:..... Número de nenos/as:.....

Idades dos nenos/as:.....